

**REGULAMENTO DA**  
**II MARCHA SOBRE RODAS ASPACE**  
**05/06/2016 - A CORUÑA**

**Organizan:**



**Colaboran:**





## PREVIO Á REALIZACIÓN DA MARCHA

**1. DATA.** ASPACE-Galicia (Federación Galega de Parálise Cerebral) en colaboración con ASPACE Coruña e o Concello de A Coruña organizan o domingo 05 de xuño de 2016 a partir das 11.00 horas a “II Marcha sobre Rodas ASPACE”. A inscrición realizarase a partir das 10.00 horas no punto habilitado para tal efecto, na explanada da Torre de Hércules.

**2. PARTICIPANTES.** Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen sen límite de idade que se inscriban nos prazos establecidos ao efecto pola organización e cumpran coas condicións de participación.

Os participantes deberán acudir sobre algún medio de transporte sobre rodas como por exemplo bicicletas, patíns, patinetes, cadeiras de rodas, cadeiras de bebés, ... No poderán participar motocicletas nin automóbiles.

Haberá unha única saída ás 11.00 horas dende a explanada da Torre de Hércules.

**3. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN.** As persoas participantes comprométese a aceptar as presentes bases e calquera posible modificación da Marcha, obrigadas por causas alleas á vontade da organización.

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que se expoñen a continuación:

- Eximo de toda responsabilidade á organización que puidera derivar da miña participación no evento (Ex.: perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias, perigo de lesión, atropelos, ...).
- Autorizo á organización para a utilización da miña imaxe en publicacións, carteis, ... para a promoción da propia marcha e do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicite expresa por escrito a ASPACE-Galicia (Federación Galega de Parálise Cerebral).
- Conforme á Lei L.O. 15/1999, informámoslle que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, do que é responsable a Federación ASPACE-Galicia. A finalidade do ficheiro é levar a cabo a xestión dos datos da marcha así como informarlle de futuras edicións. Se desexa exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición; poderá facelo dirixíndose por escrito á dirección sinalada no punto anterior, xuntando unha fotocopia do seu DNI.
- A organización non será responsable de calquera lesión ou padecemento por imprudencia, negligencia ou outras causas relacionadas coa saúde do participante.
- A organización resérvase o dereito de rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións que queden expostos no presente regulamento. En caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña a organización.

**4. INSCRICIÓN.** Realizaranse a través dun formulario colgado na páxina web de Federación ASPACE Galicia ([www.aspacegalicia.org](http://www.aspacegalicia.org)), nas redes sociais da entidade e en [aspacecoruna.org](http://aspacecoruna.org), ata o 27 de maio e non se admitirán inscricións posteriores. As persoas que se inscriban o mesmo día da marcha terán que acudir á mesa informativa de ASPACE-Galicia instalada na explanada da Torre de Hércules.

**5. ACCIÓN SOCIAL.** A marcha ten como obxectivo fundamental para a difusión de ASPACE-Galicia (Federación Galega da Parálise Cerebral) e dar a coñecer a realidade do colectivo de persoas con parálise cerebral de Galicia. Así mesmo reivindicar a accesibilidade nos ámbitos urbanos como elemento clave para a integración das persoas con discapacidade como cidadáns de pleno dereito.

## **DURANTE A XORNADA DA MARCHA**

**6. COMO CHEGAR EN COCHE AO LUGAR DA SAÍDA.** A prioridade é achegarse en transporte público, sobre os propios medios de transporte sobre rodas cos que participen na Marcha ou en bicicleta. De non ser así os estacionamentos públicos máis próximos á saída, son os da propia explanada da Torre de Hércules (de balde).

**7. PERCORRIDO.** Saída da Torre de Hércules ás 11.00 horas e chegada á explanada do Estadio de Riazor aproximadamente ás 12:00 horas (inclúese o plano na derradeira páxina das presentes bases).

**8. AVITUALLAMENTO.** Existirá un punto de avituallamento a cargo da organización no punto de saída e chegada da marcha, ademais dun punto intermedio (posiblemente na Casa de los Peces), con avituallamento líquido para todos os participantes.

**9. PERSOAS NON INSCRITAS.** Toda aquela persoa que se una á marcha sen estar inscrita, faino baixo a súa responsabilidade e non estará cuberta pola organización.

## POSTERIOR Á MARCHA

**10. ACTO FINAL.** Ao finalizar o percorrido da marcha, na explanada do Estadio de Riazor darase lectura a un manifesto onde persoas con parálise cerebral reivindicarán os seus dereitos como cidadáns de pleno dereito, onde a igualdade de oportunidades e a accesibilidade serán os verdadeiros protagonistas. Ademais haberá un sorteo de agasallos entre os participantes.

**12. PARA MÁIS INFORMACIÓN.** Máis información a través de ASPACE-Galicia (Federación Galega de Parálise Cerebral) no teléfono 986879967 (de luns a venres de 09.00 a 15.00 horas) o no enderezo electrónico [comunicacion@aspacegalicia.org](mailto:comunicacion@aspacegalicia.org)

**Lonxitude: 3.700 metros aproximadamente**

